

Diario Oficial de Galicia

viernes, 20 de abril de 2007

## VI. ANUNCIOS

---

Número do Dog: 77

Página do Dog: 6.474

Data da Disposición:

Sección: VI. ANUNCIOS. DA  
ADMINISTRACIÓN LOCAL

---

Organismo: CONCELLO DA CORUÑA

Rango: Anuncio

Título: Anuncio (EDD-11/06).

*Anuncio (EDD-11/06).*

---

O Pleno do Concello, na sesión realizada o 5 de marzo de 2007, acordou:

«Primeiro.-Aprobar definitivamente o texto refundido do estudo de detalle da parcela C+Z-2 do proxecto de compensación do Plan parcial do sector de solo urbanizable S-7 Recinto Feiral, promovido por Alpamayo Inversiones, S.L., segundo a documentación presentada no rexistro municipal o 22 de febreiro de 2007.

Segundo.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, co obxecto de procurar a entrada en vigor do estudo de detalle.

Terceiro.-Ordenar a dilixencia co selo de aprobación definitiva do estudo de detalle presentado o 22 de febreiro de 2007 (Rexistro de Entrada nº 1307).

Cuarto.-Notificalles este acordo ao promotor do estudo de detalle e á área municipal de licenzas e disciplina urbanística».

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra el o recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se practique a súa notificación ou a súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se coide pertinente.

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para efectos da entrada en vigor do estudo de

Os gastos desta publicación aboaranse polo promotor do estudo de detalle.

A Coruña, 10 de abril de 2007.

Alfredo Cerezas Fernández

Director da Área de Urbanismo e Rehabilitación

---

© Xunta de Galicia

Información mantida pola Xunta de Galicia

Servizo prestado pola Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza

Correo electrónico: [webdog@xunta.es](mailto:webdog@xunta.es)